

Estimados compañeir@s:

Como ben sabedes o pasado domingo día 28 de agosto pechábase o proceso electoral da Federación Galega de Espeleoloxía. Para min é un orgullo, pero tamén unha responsabilidade enorme, despois de dez anos de participación nas Directivas da Federación presididas por Francisco M. Martínez García (Paco), tomar o seu testigo como Presidente da FGE. Unhas directivas que asumiron unha Federación nunha situación crítica e da que, grazas a boa labor de Paco, foi quen de saír dela.

Asumo o reto de manter unha liña de traballo seria e rigorosa no económico i eficaz na relación coas administracións pública. Pero tamén de potenciar dous aspectos fundamentais: a relación cos diferentes estamentos da Federación e a práctica da Espeleoloxía e os canóns, sobre todo nas xeracións máis novas. Tanto eu como a miña directiva temos o compromiso de mellorar na medida do posible a nosa Federación, e por suposto calquera aportación que chegue desde os nosos deportistas será ben recibida e valorada.

Xa para finalizar, e como non pode ser doutro xeito, agradecer o traballo incansable de Paco, que conseguiu remontar unha situación de crise que parecía definitiva. Sen o seu esforzo e compromiso, hoxe non teríamos Federación Galega de Espeleoloxía.

Quedo a vosa enteira disposición



Gonzalo Villarrea Carreiras

Pte. da Federación Galega de Espeleoloxía